

Casa dos Rioboo

Alonso Gomes de Rioboo e Vilardefrancos

Naceu en 1460. Fillo de Gomes de Rioboo e de Berenguela Sanches de Moscoso, da casa de Altamira, da cal eran vasalos os Rioboo. Estes eran orixinarios da torre da Penela, no actual concello de Cabana. Alonso será o primeiro señor do Allo e o impulsor da torre vella.

Antonio Gomes de Rioboo Vilardefrancos

Casa en 1644 con María das Seixas e Lousada, dunha familia de gran riqueza. Que o seu cuñado Francisco das Seixas fose arcebispo de Santiago de Compostela foi mostrado con orgullo no novo escudo feito na torre nova que se comeza a construír.

Seixas

Vilardefrancos
Figueira

Caamaño Lousada

Moscoso Rioboo

TORRE NOVA, Á ESQUERDA

TORRE VELLA, Á DEREITA

Gomes de Rioboo Seixas Vilardefrancos



Naceu en 1646 e falece maior en 1732. Durante a súa longa vida dalle tempo a crear o pazo que hoxe coñecemos. Alén do alongamento das torres, traballa por recuperar o poderío do couto do Allo. Constrúe novas casas para labregos, muíños, hórreos... Posiblemente tamén a fonte de San Ramón e un xardín barroco hoxe desaparecido.

Francisca Rioboo Álvarez

É a primeira muller que herda directamente o couto do Allo, ao ser a única herdeira, rompendo así a liña de varonía. Con todo, casou nun primeiro momento cun Rioboo para manter a liñaxe, o seu curmán Nicolás. Trala súa morte, casará de novo en 1869 esta vez con Víctor López Seoane.

Víctor López Seoane

Aínda que non é un Rioboo, tocoulle ser xestor do patrimonio do Allo despois de casar con Francisca. A boa situación económica permitiulle dedicarse a investigar, sendo un dos naturalistas máis importantes de Galicia. Como mostra, fixo parte da *Société Entomologique de France* e chegou a comunicarse por carta con Charles Darwin mesmo.



Torres do Allo
O Allo - 15851 Zas
Visita gratuita
concellodezas.org



CONCELLO DE
ZAS

Información extraída de: J. A. Sánchez García (2001), *Torres do Allo*, ed. Deputación da Coruña
Deseño, textos e foto: Manuel Rial
Mapa das Torres: Rubén Rial



Deputación
DA CORUÑA

Torres
do Allo

Galego



As Torres do Allo, o primeiro pazo



A torre vella

A comezos do século XVI constrúese unha torre no lugar do Allo, que se pegaría a unha construción anterior situada posiblemente onde hoxe hai un pequeno xardín. O seu aspecto defensivo móstrase nas ventás seteiras ou nos reforzos da porta do arco alintelado. Porén, O Allo deixa pegada por ser un dos primeiros pazos que se interesan máis pola decoración e ostentación de poder e riqueza a través de gárgolas, ventás e outros motivos decorados nun estilo gótico tardío.

O alongamento

Por falta de espazo, o edificio ten que ampliarse a mediados do século XVII. Faise de xeito mimético, calcando a forma da outra torre e creando un corpo intermedio. Deste xeito dase unidade ao edificio ao mesmo tempo que se reivindica con orgullo o legado da familia Rioboo.



Abandono e restauración

Os donos do Allo van cada vez pasar menos tempo nas Torres, quedando o pazo ao coidado dos caseiros. Na década de 1950 deixará de estar habitado, pasando ao abandono absoluto. A ruína e o saqueo motivaron que o seu interior tivese que ser rehabilitado totalmente nos traballos de recuperación do monumento, trala compra do lugar en 1998 por parte da Deputación da Coruña.



O xardín do pazo

Aínda que non se conserva o xardín barroco é agradable dar un paseo entre as maceiras da finca e observar algunha planta curiosa, como o abeto de Vancouver.



Fonte do picho

Tamén coñecida como do "Galo" por ter representado este animal.



Fonte de San Ramón

De orixe barroca este monumento agochado baixo o bosque ten dous canos e bancos de pedra.

Souto do Allo

Un bo fornecedor de castañas nos tempos nos que non se consumían patacas.

Os hórreos

Fronte ao pazo consérvanse varios destes graneiros, un deles do século XVII. Desde aquí á igrexa había unha agra chea de vides.



Igrexa de San Pedro do Allo

Comézase a construír no século XVI. Neste templo están enterrados varios dos señores do Allo, como Gómes de Rioboo "O Vello". Destaca a súa fachada renacentista, coas imaxes de Adán e Eva entre outras.



Casas do Curro

Eran as vivendas dos caseiros que coidaban das posesións dos señores.



Camiño entre carballos

É imprescindible entrar nas Torres do Allo baixo a sombra dos carballos e pradairos que crean un fermoso corredor. Crese que foi idea de Víctor López Seoane para magnificar a entrada desde a recién creada estrada A Coruña-Fisterra no século XIX.